

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E DETERMINADAS ENTIDADES COLABORADORAS DE PESCA FLUVIAL, PARA A CONCESIÓN DIRECTA DUNHA SUBVENCIÓN, INSTRUMENTADA A TRAVÈS DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN, DESTINADA AO FINANCIAMENTO DE EQUIPAMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE MELLORA AMBIENTAL PARA A SUSTENTABILIDADE DOS RÍOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

A comunidade autónoma de Galicia ten competencias para establecer normas adicionais sobre a protección do medio ambiente segundo o artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), en consonancia co artigo 149.1.23 da Constitución Española e co Real decreto 167/1981, do 9 de xaneiro, de transferencias e competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza, 1234/1983, do 20 de abril, de adaptación de transferencias efectuadas á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza e 1535/1984, do 20 de xuño, de ampliación e adaptación das funcións e servizos do Estado á comunidade autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, mediante os que se regula o traspaso de funcións e servizos á comunidade autónoma en materia de agricultura, pesca e conservación da natureza.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é o órgano da administración autonómica, que, en virtude do establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 137/2024, do 20 de maio, ten atribuída a competencia en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos e a súa preservación para as xeracións futuras; a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres e a promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen, entre outras, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

ANTECEDENTES

Así mesmo, a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia en materia de pesca fluvial e lacustre segundo o artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, en consonancia co artigo 148.1.11 da Constitución Española, sendo uns dos obxectivos dentro deste ámbito competencial a regulación da conservación, o fomento e o ordenado aproveitamento das poboacións piscícolas .

En concordancia con isto, A Lei 2/2021, de 15 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, prevé, no seu artigo 30, a posibilidade da Administración autonómica de subscribir convenios de colaboración coas asociacións ou as sociedades de persoas pescadoras de carácter non lucrativo que acrediten a condición de Entidades Colaboradoras (de acordo co establecido no artigo 36 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais _Decreto 130/1997, do 14 de maio), os cales terán por obxecto a realización



de actividades ou investimentos a favor da riqueza piscícola, é dicir, aqueles que repercutan en beneficio directo e indirecto do hábitat ou da riqueza piscícola continental, así como a mellora dos ecosistemas acuáticos, en tramos concretos de ríos, os encoros e as lagoas.

FINALIDADE

Para os efectos de reforzar a colaboración no desenvolvemento de actuacións en determinados tramos de río, tense prevista a concesión dunha subvención directa instrumentada a través dun convenio coas Entidades Colaboradoras que se indican a continuación, para a adquisición de equipamento adecuado, necesario para a realización de xestión de residuos que a pesca e outras actividades autorizadas podan xerar, contribuíndo deste xeito á prevención do deterioro do estado da masa de auga, e coa finalidade última de acadar o seu bo estado ecolóxico.

PROVINCIA	NOME ENTIDADE COLABORADORA	IMPORTE(EUROS)	Coutos conveniados	Ríos
A CORUÑA	ASOCIACIÓN PROTECTORA DE PESCA "RÍO BAXOI"	2.000,00	LAMBRE	Lambre
A CORUÑA	CLUB DE CAZA Y PESCA OS LABERCOS	2.000,00	OUTES	Tines
A CORUÑA	CLUB DE PESCA DE REO-TAMBRE	2.000,00	NOIA	Tambre
A CORUÑA	LA VENATORIA SOCIEDAD DE CAZA Y PESCA* DE SANTIAGO	2.000,00	CHAIÁN	Tambre
A CORUÑA	SALMO CLUB DE PESCA DEPORTIVA DE LA CORUÑA	2.000,00	XALLAS; VILARRASO	Xallas e Beba; Deo
A CORUÑA	SOCIEDADE DE CAZA E PESCA LOUSAME- NOIA	2.000,00	TRABA	Sóñora
A CORUÑA	SOCIEDAD DE CAZA Y PESCA "AZOR"	2.000,00	A PONTE MACEIRA; NEGREIRA	Tambre; Barcala e Albariña
A CORUÑA	SOCIEDAD DE CAZA Y PESCA LA VENATORIA (AS PONTES)	2.000,00	AS PONTES	Eume
A CORUÑA	SOCIEDAD DE CAZA Y PESCA PADRÓN	2.000,00	PADRÓN	Sar
A CORUÑA	SOCIEDAD DE CAZA Y PESCA XUVIA	2.000,00	XUVIA	Xuvia
A CORUÑA	SOCIEDAD DE PESCA "RÍO MANDEO"	2.000,00	ARANGA; BETANZOS	Mandeo
A CORUÑA	SOCIEDAD DE CAZA Y PESCA LA VENATORIA DE BERGANTIÑ	2.000,00	CARBALLO	Anllóns
A CORUÑA	ASOCIACIÓN DEPORTIVA DE PESCA SANTA COMBA - XALLAS	2.000,00	SANTA COMBA	Xallas e Abuín
A CORUÑA	CLUB DE PESCA DEPORTIVA LONDRA	2.000,00	ROIS	Rois, Baleirón ou Liñares, Buxán
A CORUÑA	SOCIEDAD DE PESCA DEPORTIVA NERÍA	2.000,00	A PONTE DO PORTO	Grande e Cruz de Canle
A CORUÑA	SOCIEDADE DE PESCA E CONSERVACIÓN DOS RÍOS " FARIO	2.000,00	A LARACHA	Anllóns
A CORUÑA	SOCIEDADE DE PESCA RIO E MAR	2.000,00	BAIO	Grande
A CORUÑA	ASOCIACIÓN DE PESCADORES AMIGOS DO RÍO ISO	2.000,00	ARZÚA	Iso
A CORUÑA	SOCIEDAD DE CAZA E PESCA DE CORISTANCO	2.000,00	VERDES	Anllóns
A CORUÑA	ASOCIACIÓN DE PESCADORES DE CAAVEIRO	2.000,00	OMBRE	Eume
LUGO	CLUB OS TROITEIROS	2.000,00	OMBREIRO	Miño
LUGO	ASOCIACIÓN DEPORTIVA DE PESCADORES DA ULLOA	2.000,00	A ULLOA; ANTAS DE ULLA; MONTERROSO	Ulla
LUGO	ASOCIACIÓN DEPORTIVA RÍO LADRA	2.000,00	BEGONTE; LADRA; PÍGARA; BAAWONDE	Ladra; Parga
LUGO	CLUB DEPORTIVO RODEO	2.000,00	RIBEIRA DE PIQUÍN	Eo e Rodil
LUGO	ASOCIACIÓN DEPORTIVA A TROITA	2.000,00	PENAMIL	Navia
LUGO	CLUB CENTRO DE INICIATIVAS TURÍSTICAS A PONTENOVA	2.000,00	VILARMIDE; XINZO	Eo
LUGO	CLUB AMIGOS DO OURO	2.000,00	VAL DO OURO	Ouro
LUGO	ASOCIACIÓN PESCADORES SAN TOME DE TABOADA	2.000,00	REGO DE MOREDA	De Moreda
LUGO	CLUB DE PESCA DE MONFORTE	2.000,00	A LABRADA	Lor
LUGO	ASOCIACIÓN DE PESCADORES PONTE DE AREAS	2.000,00	QUINTE	Miño
LUGO	CLUB AMIGOS DO RÍO PARGA	2.000,00	PARGA; BAAWONDE	Parga e Ladroil
LUGO	SOCIEDADE DE PESCA DANICA	2.000,00	COVAS	Neira
LUGO	CLUB PESCA RÍO CABE	2.000,00	MONFORTE	Cabe
LUGO	CLUBE DE PESCA RIO NEIRA	2.000,00	LÁNCARA; VALDRIZ	Neira
LUGO	SOCIEDAD CLUB DE PESCA RIOS DE MONTAÑA LUCENSES	2.000,00	FROLLAIS; RONFE; ORIBIO ALTO	Sarria ou Oribio
ORENSE	SOCIEDAD DE PESCA "RÍO VIÑAO"	2.000,00	BOBORÁS	Viñao
ORENSE	SOCIEDAD DEPORTIVA DE PESCA "PONTEGRANDE"	2.000,00	CELANOVA	Arnoia e Ourille
ORENSE	SOCIEDADE DE PESCA ALARICANA	2.000,00	ALLARIZ	Arnoia
ORENSE	CLUB DEPORTIVO DE PESCA "BAÑOS DE MORGAS"	2.000,00	OS MEDOS	Arnoia
ORENSE	SOCIEDADE DE PESCA DE LAZA	2.000,00	LAZA	Támega
ORENSE	ASOCIACIÓN DEPORTIVO NATURAL	2.000,00	RIBADAVIA	Avia
PONTEVEDRA	SOCIEDADE DEPORTIVA DE CAZA, PESCA E TIRO DE SILLE	2.000,00	TABOADA; TOXA	Deza
PONTEVEDRA	SOCIEDAD DE CAZA Y PESCA DE LALÍN	2.000,00	LALÍN; RODEIRO	Asneiro; Arnego
PONTEVEDRA	SOCIEDAD DE PESCA DEPORTIVA PONTEMOAMAR	2.000,00	BORA; PONTE ARNELAS	Lérez; Umia
PONTEVEDRA	SOCIEDAD DEPORTIVA RÍO ULLA	2.000,00	PONTE LIÑARES; RUBÍN	Liñares; Curantes
PONTEVEDRA	SOCIEDAD DE PESCA "RÍO VEA"	2.000,00	SOUTO DE VEA	Vea
PONTEVEDRA	SOCIEDAD DE PESCA VERDESEIXO	2.000,00	PONTE CALDELAS	Verdugo
PONTEVEDRA	CLUB DE PESCA DEPORTIVA RÍO DEZA	2.000,00	CARBOEIRO	Deza
PONTEVEDRA	CLUB DEPORTIVO CASTILLO ULLA DEZA	2.000,00	CIRA	Ulla e Deza
PONTEVEDRA	CLUB GALLAECIA PESCA A MOSCA	2.000,00	CODESEDA	Umia
	TOTAL	100.000,00		



OBXECTO

O convenio ten por obxecto instrumentar a concesión directa dunha subvención da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático a favor das Entidades Colaboradoras de pesca fluvial indicadas, así como establecer as condicións que rexen a colaboración entre as partes, para o desenvolvemento de accións conxuntas de actividades de reforzo da mellora ambiental para a sustentabilidade nos tramos de río detallados.

XUSTIFICACIÓN

A concesión da subvención para a adquisición de equipamento referido mediante o presente convenio deriva da necesidade de reforzar o compromiso de colaboración existente con esta Entidade Colaboradora con respecto ao tramo de río concreto mencionado no obxecto desta meomoria, e da inexistencia dunha liña específica de subvencións en réxime de concorrència competitiva para o tipo de actuación concreta obxecto deste convenio.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

As Entidades Colaboradoras indicadas teñen subscrito un convenio de colaboración en vigor coa CMACC para a realización de actividades ou investimentos en favor da riqueza piscícola das augas continentais, así como na mellora dos ecosistemas fluviais en determinados tramos de río.

Cada Entidade comprométese a adquirir o equipamento que considere necesario para o reforzo do desenvolvemento de tarefas de xestión de residuos que a pesca e outras actividades autorizadas podan xerar no tramo de río asignado para o que teñen subscrito un convenio previo de colaboración e a CMACC contribúe para este fin coa concesión de forma directa dunha subvención á citada Entidade no exercicio 2026, correspondente a transferencias de capital, aplicación orzamentaria 781.0.

A achega ten natureza subvencional e concédese de forma directa, sen contrapartida directa por parte da entidade beneficiaria, destinándose a financiar o equipamento necesario da Entidade Colaboradora para facilitar as tarefas de xestión de residuos que a pesca e outras actividades autorizadas poidan xerar, cubrindo os gastos compatibles co obxecto e realizados desde a sinatura do convenio ata o 15/09/2026.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E TRAMITACIÓN

O importe da subvención concedida a cada unha das Entidades referidas, no marco do presente convenio, ascende a 2.000 €, o que supón un total de **CEN MIL EUROS (100.000 €)**, IVE do 21 % incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 06.04.541B.781.0 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2026, proxecto de gasto 2011 00756.

A concesión directa da subvención realízase ao abeiro do disposto nos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao concorrer razóns debidamente xustificadas de interese público, social e ambiental que dificultan a súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva, sendo de aplicación con carác-



ter supletorio o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en todo aquilo que non se opoña á normativa autonómica.

Por todo o anterior, entendendo por convenio o acordo de vontades adoptado por escrito entre as partes asinantes que o subscriben nun plano de igualdade, para a consecución de fins de interese común en competencias que lle son propias, e tendo en conta os principios de información mutua, a cooperación e a colaboración que inspiran as relacións das administracións públicas, en consideración a razón de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase a dificultade da súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Asinado dixitalmente

A directora xeral de Patrimonio Natural

María Sol Díaz Mouteira

